

GUÍA DOCENTE DE **SOCIOLOXÍA DA MÚSICA**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: SOCIOLOXÍA DA MÚSICA I										
ESPECIALIDADE	Produción e Xestión							ITINERARIO		-----
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE		<i>Colectiva</i>
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO		Produción e Xestión
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	4h.
ECTS/CUAD.	6							Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Introdución aos aspectos básicos da socioloxía, e estudo das funcións e papel social da música en diferentes contextos históricos e culturais. Técnicas e axendas de investigación en socioloxía da música.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T9, T11, T13, T14, T15.
COMPETENCIAS XERAIS:	X10, X12, X16, X18, X24, X25, X26.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX6, EPX7, EPX8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Coñecer os principios básicos do método sociolóxico, e a historia da socioloxía como paso previo á aproximación á socioloxía da música.	T1, T2, T3, T13, T15, X26
2. Coñecer o que foron as aproximacións á música como parte da construción de significados sociais ao longo da historia e o estado actual da disciplina.	T1, T2, T3, T13, T15, X16, X24, X 25, X26, EPX6, EPX7
3. Introducirse nalgúnhas das principais problemáticas que configuran actualmente a axenda de investigación da disciplina.	T1, T2, T3, T4, T6, X 24, X25, X26, EPX8
4. Realizar un o varios traballos que permitan experimentar coas ferramentas e co método da socioloxía da música.	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T9, T11, T13, T14, T15, X10, X12, X16, X18, X24 X25, X26, EPX7, EPX8

4. CONTIDOS	
Introdución á socioloxía: A socioloxía como ciencia, breve achegamento histórico e conceptual.	
Música e sociedade: a socioloxía da música como parte do estudio da socioloxía xeral.	
A música como obxecto de reflexión desde a socioloxía, principais aportacións. M. Weber: Os fundamentos racionais e sociolóxicos da música. Ch.	



Lalo: a estética musical científica. A. Silbermann e K. Blaukopf: a estrutura social da música. A socioloxía marxista e a música. Th. W. Adorno: a socioloxía da música como crítica social, a Escola de Frankfurt e a Escola de Birmingham. Aportacións desde a posmodernidade para unha socioloxía da música. Outras aportacións desde a posmodernidade: Foucault, P. Bourdieu:

A música como parte da cultura e dos niveis culturais: Concepto de cultura e de niveis culturais: Alta cultura, cultura popular y cultura de masas. Socioloxía da comunicación de masas:

A música dentro do mercado: Música e capital, a industria da música, as novas tecnoloxías e o seu impacto no mercado musical: cine, radio, televisión e internet.

A música como articulador de identidades sociais: culturas e subculturais musicais, tribus urbanas, identidades étnicas e nacionais.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases teóricas	Presencial	Durante o cuadrimestre
Probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Titorías	Presencial	Esporádica

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestre da disciplina*